

X Encontro de Embarcacións Tradicionais. Carril 2011

# TURISMO E EMBARCACIÓNS TRADICIONAIS, UN RECURSO A EXPLORAR

## Xornadas Técnicas

**30 de xuño de 2011**

Casa do Mexillón – Consello da DOP “Mexillón de Galicia”  
Vilagarcía de Arousa

**1 xullo de 2011**

Salón de actos da Asociación Gato Negro  
Carril



ORGANIZAN:



XUNTA  
DE GALICIA



MUSEO DO MAR DE GALICIA



fgcmf  
federación galega  
pola cultura marítima  
e fluvial

PATROCINAN:



Nautismo Espazo Atlántico 2



ATLANTIC AREA  
ESPAÇO ATLÁNTICO  
ESPACE ATLANTIQUE  
ESPAÇO ATLÁNTICO



UNIÓN EUROPEA  
Fondo Europeo de  
Desenvolvemento Regional

INVESTINDO NO NOSO FUTURO COMÚN

COLABORA:

Consello da DOP “Mexillón de Galicia”

# PRESENTACIÓN

No ano 1991, dentro do proxecto formativo de carpinteiros de ribeira, na Escola Obradoiro de Carpintería de Ribeira A AIXOLA de Marín, acordouse facer una serie de réplicas de embarcacións tradicionais de traballo de Galicia. Pola súa singularidade, unha das embarcacións escollidas foi a lancha xeiteira. Porén, logo de serdes a embarcación máis numerosa, non foi posible topar unha. Unha procura máis polo miúdo permitiu topar un pecio nunha xunqueira en Caldebarcos. Este achado supuxo o rexurdimento da concienciación polo patrimonio cultural marítimo de Galicia, que callou na creación da Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial e a celebración do Primeiro Encontro de Embarcacións Tradicionais.

Dende aquela época o número de embarcacións de interese patrimonial recuperadas non fixo máis ca aumentar. Non entanto, aínda hai retos importantes a afrontar, como o recoñecemento das embarcacións de interese patrimonial quer a cultural, quer a nivel da Dirección Xeral de Mariña Mercante ou mesmo o seu uso como produto turístico de alto valor engadido co gallo de acadar a súa aostenibilidade económica.

Ao abeiro do X Encontro de Embarcacións Tradicionais de Galicia, propoñemos unhas xornadas que permitan coñecer tanto os marcos teóricos sobre o turismo baseado nas embarcacións de interese patrimonial como experiencias levadas a cabo en diversos países.

## DESENVOLVEMENTO E AREAS TEMÁTICAS

As xornadas desenvolveranse dentro da programación do X Encontro de Embarcacións Tradicionais que terá lugar en Carril do 30 de xuño ao 3 de xullo de 2011, en dúas sesións a celebrar nos seguintes locais:

- **Xoves 30 de xuño.** Casa do mexillón – Consello da DOP “Mexillón de Galicia”, Vilagarcía de Arousa
- **Venres 1 de xullo.** Salón de Actos da Asociación Gato Negro de Carril.

Na sesión do xoves haberá sistema de tradución ao francés.

# PROGRAMA:

## XOVES DÍA 30 XUÑO:

**LUGAR:** Casa do Mexillón – Consello da DOP “Mexillón de Galicia”, Vilagarcía de Arousa

- 09:30 Acto de Inauguración das xornadas.  
10:00 Conferencia inaugural: Turismo e patrimonio mariñeiro: un proxecto de rede cultural. Xulio Pardellas de Blas. Profesor de Economía Aplicada. Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación. Campus de Pontevedra. Universidade de Vigo

## Primer panel: Experiencias de xestión de embarcacións de interese patrimonial en produtos turísticos

- 10:45 Rafael 1915, un modelo de xestión patrimonial. Raúl Mata. Técnico en Patrimonio do Museu de la Pesca de Palamós. Anteriormente xestor da empresa Rafael 1915.  
11:30 Descanso.  
12:00 Galeóns do Sal, Auto-Sostenibilidade?. Joao Barbas. Xerente da empresa Troiacruze. Setúbal. Portugal  
12:45 Albiscamento de cetáceos a bordo dun pesqueiro tradicional en Canarias. José Izaguirre Albarello. Oceano Gomera S.L.  
13:30 Plan de desenvolvemento e modernización das prestacións das embarcacións patrimoniais bretonas. Solène MORVAN. Nautisme en Bretagne  
14:15 Conclusións  
14:30 Descanso  
16:00 Turismo Mariñeiro, unha grande oportunidade para Galicia. David Mora Consultor. TEA CEGOS, SA  
17:00 Experiencias en Galicia. Mesa redonda con Isidro Mariño e Ainhoa Sánchez, armadores do “Chasula” e do “Raquel C” respectivamente.  
18:30 Fin do primeiro panel

## VENRES DÍA 1, XULLO:

**LUGAR:** Asociación GATO NEGRO de Carril

## Segundo panel: Plan de acción para o recoñecemento das embarcacións de interese patrimonial.

- 10:00 Antecedentes e liñas de traballo a desenvolver para o recoñecemento e uso das embarcacións de interese patrimonial. Lino Lema, Consellería do Mar. Pablo Carrera, Museo do Mar de Galicia

# Folla de preinscrición

D./D.ª, .....

.....  
da entidade .....,

de .....,

desexo inscribirme nas xornadas “TURISMO E

EMBARCACIÓNS TRADICIONAIS, UN RECURSO A

EXPLORAR”, que terán lugar o próximos días 30 de

xuño e 1 de xullo (30 de xuño: Casa do Mexillón –

Consello da DOP “Mexillón de Galicia” Vilagarcía

de Arousa, e 1 xullo: Salón de actos da Asociación

Gato Negro, Carril)

Teléfono de contacto:.....

Correo electrónico:.....

.....  
Día limite de inscrición: 28 de xuño.

Enviar por correo electrónico os datos indicados a [teresa.rojas.suarez@xunta.es](mailto:teresa.rojas.suarez@xunta.es)